



CONCELLO DE ZAS (A CORUÑA)

Praza do Campo, n.º 1 • 15850 Zas (A Coruña) • Teléf.: 981 708 303 • Fax: 981 751 142
//www.concellodezas.org//

ASISTENCIA Ó PLENO:

Alcalde:

Don Manuel Muíño Espasandín BNG

Concelleiros:

Dona María Pilar García García	BNG
Don José Brenlla Castiñeira	BNG
Dona Natalia Espasandín Pazos	BNG
Don Manuel García Velo	BNG
Don David Rial Montes	PP
Don José Martín Cundíns Suárez	PP
Dona Sheila Rial Mata	PSOE

Secretaría:

Dona Isabel Outeiriño Sánchez

Ausentes:

Don Germán Pérez Freire	BNG
Dona Cristina Pardiñas Lorenzo	BNG
Don José David Gómez Brandariz	PP

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO DÍA 03.10.2025

En Zas, o día 3 de outubro de 2025, ás trece horas, reuníronse no salón de actos, habilitado para o efecto, baixo a presidencia do señor alcalde Don Manuel Muíño Espasandín, coa asistencia da secretaria e dos señores concelleiros relacionados ao marxe; co obxecto de desenvolver unha sesión ordinaria do Pleno, en base á orde do día circulada e para o que foron legalmente convocados.

A señora secretaria verifica, que na primeira convocatoria existe quórum suficiente de constitución. Unha vez que a Presidencia abriu o acto, pasouse a tratar os asuntos comprendidos na orde do día.

Antes de pasar a tratar os asuntos relacionados na orde do día, a concelleira D^a Sheila Rial Mata, propón un minuto de silencio pola

situación que está a acontecer en Gaza e a continuación o Pleno leva a cabo un minuto de silencio.

PRIMEIRO.- Aprobación das actas das sesións de datas 11.09.2025 e 18.07.2025

O Sr. Alcalde pregunta se algún grupo ten algunha consideración que realizar na actas de datas 11.09.2025 e de 18.07.2025.

Ningún concelleiro toma a palabra.

Sometida a votación, apróbase por unanimidade as actas de data 11.09.2025 e de 18.07.2025.

SEGUNDO.- Dación de conta dos Decretos de alcaldía.

O Sr. Alcalde dá conta dos Decretos da alcaldía ditados e o Pleno dáse por enterado.

TERCEIRO.- Dación de conta das obrigas trimestrais (2º trimestre 2025)

O Sr. Alcalde da conta da rendición das obrigas trimestrais do 2º trimestre de 2025 e o Pleno dáse por enterado.

CUARTO.- Dación de conta do período medio de pago do 2º trimestre 2025



CONCELLO DE ZAS (A CORUÑA)

Praza do Campo, n.º 1 • 15850 Zas (A Coruña) • Teléf.: 981 708 303 • Fax: 981 751 142
//www.concellodezas.org//

O Sr. Alcalde da conta do período medio de pago do 2º trimestre e o Pleno dáse por enterado.

QUINTO.- Adhesión ao convenio marco de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático da Xunta de Galicia e os sistemas de responsabilidade ampliada do produtor (SRAP) de residuos de pilas e acumuladores.

O Sr. Alcalde explica brevemente a proposta,

“PROPOSTA DA ACALDÍA

Visto o texto do convenio marco de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático da Xunta de Galicia e os sistemas de responsabilidade ampliada do produtor (SRAP) pilas e acumuladores que ten por obxecto regular o marco de colaboración no que se desenvolverán as actividades de xestión de residuos de pilas e acumuladores que se recollan no territorio das entidades locais galegas adheridas, co fin de cumprir o esixido no Real Decreto 106/2008, do 1 de febreiro, sobre pilas e acumuladores e a xestión ambiental de residuos, así como nas demais normas legais que sexan de aplicación a este tipo de residuos.

Visto que o Concello de Zas estaba adherido ao anterior convenio marco desde o ano 2013.

Vista a vontade deste concello de adherirse a este novo convenio marco para poder continuar coa xestión de residuos de pilas e acumuladores e dar cumprimento do esixido no Real Decreto 106/2008, do 1 de febreiro, sobre pilas e acumuladores e a xestión ambiental de residuos, así como nas demais normas legais que sexan de aplicación a este tipo de residuos.

*En exercicio das miñas competencias e ó abeiro do artigo 22.2 letra f) e o 47.2 letra k) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, propoño ó Pleno a adopción do seguinte **ACORDO**,*

PRIMEIRO.- Aprobar a adhesión ao convenio marco de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático da Xunta de Galicia e os sistemas de responsabilidade ampliada do produtor (SRAP) de residuos de pilas e acumuladores co seguinte contido:

“DOCUMENTO DE ADHESIÓN

AO CONVENIO MARCO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO DA XUNTA DE GALICIA E OS SISTEMAS DE RESPONSABILIDADE AMPLIADA DO PRODUTOR (SRAP) DE RESIDUOS DE PILAS E ACUMULADORES

Mediante este escrito, solicito a adhesión ao convenio marco subscrito entre a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático da Xunta de Galicia e os sistemas de responsabilidade ampliada do produtor de pilas e acumuladores.

De conformidade coa cláusula quinta, apartado 3 do convenio marco referido anteriormente, anexamos a este escrito a documentación xustificativa da aprobación da adhesión ao convenio marco e os seus anexos polo órgano competente na entidade local (), o que supón a aceptación de todos os pactos e estipulacións contidos nel, en particular no relativo á cláusula quinta, conforme o modelo de adhesión escollido.*

A adhesión ao convenio formalízase na seguinte modalidade (elíxase unha):



CONCELLO DE ZAS (A CORUÑA)

Praza do Campo, n.º 1 • 15850 Zas (A Coruña) • Teléf.: 981 708 303 • Fax: 981 751 142
//www.concellodezas.org//

OPCIÓN A

☐ entidade local que subscribe esta adhesión seguirá coordinando e sufragando a contenerización, o servizo de recollida, o transporte (desde os puntos de recollida selectiva dos residuos —PRS— ata o punto de recollida municipal —PRM—) e a almacenaxe temporal dos RPA portátiles no seu ámbito territorial, recibindo por iso a compensación económica en concepto das citadas operacións establecida no anexo III do precitado convenio marco.

OPCIÓN B

☒ A entidade local comunica a súa vontade de non coordinar nin sufragar o servizo de recollida, o transporte (desde os puntos de recollida selectiva dos residuos —PRS— ata o punto de recollida municipal —PRM—) e a almacenaxe temporal dos residuos de pilas e acumuladores e, polo tanto, que este sexa realizado polos sistemas de responsabilidade ampliada do produtor conforme as condicións e prazos establecidos na cláusula quinta do citado convenio marco.”

SEGUNDO.- Autorizar ó Alcalde á sinatura do convenio e de tantos documentos como sexan precisos para realizar a citada adhesión.”

O concelleiro do grupo Popular pregunta onde se atopan os contedores? e o Sr. Alcalde explica brevemente os puntos.

Sometido a votación o pleno por unanimidade dos membros presentes (5 votos a favor do grupo do BNG, 2 votos a favor do grupo do PP e 1 voto a favor do grupo do PSOE) adopta o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- Aprobar a adhesión ao convenio marco de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático da Xunta de Galicia e os sistemas de responsabilidade ampliada do produtor (SRAP) de residuos de pilas e acumuladores co seguinte contido:

“DOCUMENTO DE ADHESIÓN

AO CONVENIO MARCO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO DA XUNTA DE GALICIA E OS SISTEMAS DE RESPONSABILIDADE AMPLIADA DO PRODUTOR (SRAP) DE RESIDUOS DE PILAS E ACUMULADORES

Mediante este escrito, solicito a adhesión ao convenio marco subscrito entre a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático da Xunta de Galicia e os sistemas de responsabilidade ampliada do produtor de pilas e acumuladores.

De conformidade coa cláusula quinta, apartado 3 do convenio marco referido anteriormente, anexamos a este escrito a documentación xustificativa da aprobación da adhesión ao convenio marco e os seus anexos polo órgano competente na entidade local (*), o que supón a aceptación de todos os pactos e estipulacións contidos nel, en particular no relativo á cláusula quinta, conforme o modelo de adhesión escollido.



CONCELLO DE ZAS (A CORUÑA)

Praza do Campo, n.º 1 • 15850 Zas (A Coruña) • Teléf.: 981 708 303 • Fax: 981 751 142
//www.concellodezas.org//

A adhesión ao convenio formalízase na seguinte modalidade (elíxase unha):

OPCIÓN A

☐ entidade local que subscribe esta adhesión seguirá coordinando e sufragando a contenerización, o servizo de recollida, o transporte (desde os puntos de recollida selectiva dos residuos —PRS— ata o punto de recollida municipal —PRM—) e a almacenaxe temporal dos RPA portátiles no seu ámbito territorial, recibindo por iso a compensación económica en concepto das citadas operacións establecida no anexo III do precitado convenio marco.

OPCIÓN B

☒ A entidade local comunica a súa vontade de non coordinar nin sufragar o servizo de recollida, o transporte (desde os puntos de recollida selectiva dos residuos —PRS— ata o punto de recollida municipal —PRM—) e a almacenaxe temporal dos residuos de pilas e acumuladores e, polo tanto, que este sexa realizado polos sistemas de responsabilidade ampliada do produtor conforme as condicións e prazos establecidos na cláusula quinta do citado convenio marco."

SEGUNDO.- Autorizar ó Alcalde á sinatura do convenio e de tantos documentos como sexan precisos para realizar a citada adhesión.

SEXTO.- ROGOS E PREGUNTAS

Toma a palabra o concelleiro do PP, D. David Rial Montes, e formula as seguintes preguntas:

- Con relación ao contedor amarelo, gustaríanos saber si realmente se está reciclando?
O Sr. Alcalde manifesta que si, que a empresa realiza a recollida separada e posteriormente os recicla.
- Como está o tema da licitación do cambio do céspede do campo de fútbol?
O Sr. Alcalde contesta, que se está a tramitar a licitación, xa aperturamos os sobres e esperamos ter o céspede cambiado para o mes de novembro.
- Como está o tema do parque empresarial?
O Sr. Alcalde contesta, que se está licitando o contrato para a redacción do Plan Parcial e que está pendente de que unha empresa xustifique a baixa temeraria.
- Como está o tema da licitación do SAF?
O Sr. Alcalde contesta, que está o contrato en prazo de presentación de ofertas.
- Vaise aprobar o orzamento do ano 2025?
O Sr. Alcalde contesta, que dados os prazos xa traeremos a aprobar o orzamento do ano 2026.



CONCELLO DE ZAS (A CORUÑA)

Praza do Campo, n.º 1 • 15850 Zas (A Coruña) • Teléf.: 981 708 303 • Fax: 981 751 142
//www.concellodezas.org//

D. David Rial Montes, tamén formula o seguinte Rogo:

- Rogamos se estudie a mellora da accesibilidade nas beirarrúas.

O Sr. Alcalde acepta o rogo e propón que sexa o propio concello o que estudie este asunto, porque contratalo con empresas é difícil.

Toma a palabra a voceira do grupo socialista, Dª Sheila Rial Mata, e formula as seguintes preguntas:

- En que situación se atopa a tramitación da RPT?
- En que situación se atopan as obras do campo de fútbol?
- Poderíase arranxar a carreteira entre Vilachán e Andreagalla?
- Poderíase arranxar e anhear a carreteira entre Lamas e Vilachán?
- As beirarrúas de Zas atópanse moi deterioradas, poderíanse arranxar?

A voceira do PSOE, Dª Sheila Rial, formula o seguinte Rogo:

-Rogamos se sinalice o xacemento de Brandomil de xeito axeitado.

Toma a palabra o Sr. Alcalde e contesta as preguntas e o rogo formuladas:

-Con relación á RPT, convocamos a mesa de negociación, realizamos unha proposta por parte do equipo de goberno e volveremos a reunirnos coa proposta que presenten os traballadores.

-Con relación a pregunta do campo de fútbol, a mesma xa foi contestada.

-Con relación ó arranxo da carreteira entre Vilachán e Andreagalla, polo momento non se contempla.

-Con relación ó anqueo da carreteira entre Lamas e Vilachán, o estamos valorando, pero é preciso cortar moita madeira e isto dificulta a situación.

-Con relación ó arranxo das beirarrúas de Zas, temos dúas opcións unha cortar os árbores e outra modificar á beirarrúa realizándoa por diante das árbores, pero por agora o estamos valorando.

-Con relación á sinalización de Brandomil acabamos de limpar co permiso de patrimonio e agora andamos pensando nos carteis, dubidamos se facelo agora con menos inversión ou esperar ó exercicio seguinte e executalo con máis recursos.

Non tendo máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde da por terminado o acto, ás 13.25 horas do día da data, do que se estende a presente acta, que eu, a secretaria, certifico e asino, autorizando a mesma, xunto co señor Alcalde.

En Zas,

A Secretaria

VºPr.

O Alcalde

Isabel Outeiriño Sánchez

Manuel Muíño Espasandín



CONCELLO DE ZAS (A CORUÑA)

Praza do Campo, n.º 1 • 15850 Zas (A Coruña) • Teléf.: 981 708 303 • Fax: 981 751 142
[//www.concellodezas.org//](http://www.concellodezas.org/)